



As máquinas son obxectos que utilizamos para aforrar esforzo e tempo nas múltiples tarefas que podemos facer nas nosas vidas. Hainas simples (unha ou poucas pezas) e complexas (moitas pezas). Usan diferentes tipos de enerxía: a dunha persoa (un martelo), a da auga ou o vento (un veleiro), combustible (un coche) ou electricidade (un televisor). Outra forma de clasificalas é polo uso: mecánicas (producen movemento), térmicas (quentan ou arrefrían) ou de comunicación.

Todo sería moi distinto sen os avances técnicos e científicos que representan moitas desas novas máquinas que enchen as nosas vidas. As máquinas modifican o xeito no que nos movemos polo mundo, a forma na que traballamos ou nos comunicamos. Mesmo cambian o xeito no que coidamos a saúde e a forma de pasar o tempo de lecer.

Pero as máquinas tamén xeran novos problemas. Un deles ten que ver coa forma de desfacernos delas cando rematan o seu ciclo de vida. A sociedade xera todos os días moitas toneladas de residuos que son máquinas ou compoñentes de máquinas. E é moi importante ser rigorosos na xestión destes residuos.



- Podes darnos exemplos dos distintos tipos de máquinas?
- Que cres que se pode facer con elas cando deixan de funcionar?

Clasificamos os residuos tecnolóxicos en tres grupos segundo o tipo de máquina á que nos referimos:

Liña branca: lavadoras, frigoríficos, lavavaixelas, fornos e cociñas.

Liña marrón: televisores, reprodutores de dvd, equipos de música, etc

Liña gris: os teléfonos móbiles e os equipos informáticos (teclados, CPUs, ratos, etc)



Sabes o que é o Punto Limpo?

É un recinto pechado onde os veciños poden desprenderse de determinados tipos de residuos domésticos que polas súas características específicas non se deben introducir nos colectores que teñen á súa disposición nas vías públicas. Estes recintos acollen residuos perigosos xerados no fogar (fluorescentes, vernices, envases de insecticidas e fitosanitarios, aceites vexetais usados ...); voluminosos (mables, colchóns,); residuos de liña branca (lavadoras, frigoríficos,) e de liña marrón (televisores, equipos de música, ordenadores), así como residuos de pequenas obras en domicilios.

Sabes o que é a "obsolescencia programada"?

O concepto refírese á práctica das empresas que planifican para os seus produtos unha vida útil máis curta da que poderían ter. É dicir, "prográmanos" para que se volvan obsoletos, rachen, se estraguen e queden inservibles logo dun período de tempo calculado. Con iso inducen o consumidor a ter que comprar antes un novo produto.



- Pensa nos diferentes tipos de máquinas que hai na túa casa. En que grupo clasificarías cada un deles e como te desfarías del cando se convirta en residuo?
- Escotaras falar da obsolescencia programada? Canto teñen durado algúns dos aparellos do teu fogar? Que cres que se podería facer fronte a este problema?



Calcúlase que en 2013 vendéronse en todo o mundo 50 millóns de televisores, 300 millóns de computadores e 2.000 millóns de teléfonos. E as cifras parecen seguir medrando ano a ano. Nos países desenvolvidos estanse producindo anualmente 50 millóns de toneladas de residuos electrónicos. Calcúlase tamén que o 75% destes desaparece dos circuítos oficiais de reciclaxe e remata ilegalmente en vertedoiros africanos ou asiáticos. Alí contaminan a auga, a terra e o aire e envelenan a milleiros de persoas liberando sustancias nocivas que conteñen estes aparellos (mercurio, cadmio, arsénico, etc). Por exemplo, un vello monitor pode conter ata 3kg de chumbo.

No medio de vertedoiros, envoltos por fume tóxico, mozos pobres remexen sen ser conscientes do perigo do material que manexan, para destripar aparellos e sacarlles cobre ou chumbo para sacar algúns cartos. No documental 'Ciberbasura sen fronteiras', un mozo de Ghana chamado Karim cóntalle aos reporteiros como o Lago Cole era hai anos azul e como agora, afectado por un destes macrovertedoiros de lixo electrónico, está tinguido de negro como o resto do terreo próximo.

Un informe da ONU advertiu de que en 2017 o refugallo electrónico en países de África Occidental, Asia e algúns Estados latinoamericanos alcanzará un peso equivalente a oito grandes pirámides de Exipto. Outro exemplo moi visual: para ese ano estímase que a cantidade de vellos televisores, teléfonos, computadores, monitores, xoguetes e outros produtos podería encher unha liña de 15.000 kilómetros de camiións de basura de 40 toneladas cada un.

- Saberías sinalar no mapa exemplos de países desenvolvidos e países non desenvolvidos?
- Que países de África coñeces? E de Asia? Como cres que lle afectan a estes países os hábitos de consumo da sociedade?
- Pensaras algunha vez no que lle pasa a algún destes produtos cando remata a súa vida útil? Que pensas que podemos facer cada un de nós fronte a este problema?

Dende hai anos a nivel estatal hai xa moitos máis teléfonos móbiles que habitantes. Por desgraza, moitos deles van parar ao caldeiro do lixo provocando problemas de contaminación. E é que case todos os compoñentes dun móbil poden ser reciclados para obter os materiais que os forman. O máis complicado é a batería, que se extrae e se envía a plantas especiais, e é a parte menos aproveitable.

Alén do plástico da carcasa, os móbiles están formados por placas e circuítos. Separando todo, poden obterse metais como o aluminio, o cobre, o estaño e o zinc. Tamén, en cantidades mínimas, outros materiais preciosos como o paladio e o ouro (un gramo de ouro por cada cinco toneladas de móbiles). Todos eles poden volver ás factorías en forma de materia prima para fabricar novos aparellos.

- *Cal é o punto de recollida de móbiles máis próximo? Coñeces algunha campaña solidaria que se financie coa recollida de dispositivos vellos? Tal vez vos interese involucrar a escola na recollida de móbiles!*

Algúns minerais clave na fabricación de móbiles ou videoconsolas, como o coltan ou a casiterita, chegan a pagarse a elevadísimos prezos. A súa explotación causou por ese motivo moitos conflitos bélicos.

Ademais, varias ONG advirten que a minaría ilegal destes materiais explota man de obra infantil ou semiescravizada.

Tamén destrúe os hábitats de moitas especies en perigo, como os chimpancés ou os gorilas.



O 'Día Internacional da Reciclaxe de Móbiles' é unha idea do Instituto Jane Goodall para a Investigación da Vida Salvaxe, a Conservación e a Educación Ambiental. A iniciativa promove a reflexión sobre a alta demanda tecnolóxica de certos minerais escasos, cuxa explotación ilegal serviu para financiar a grupos guerrilleiros na República Democrática do Congo.

Enviando gratuitamente móbiles en desuso podemos axudar a diminuír esa demanda, reciclar e xerar recursos para protexer eses ecosistemas.

Ademais, a través da asociación podes apadriñar un chimpancé!

- *Sabes onde está o Congo? Coñeces a actividade do Instituto Jane Goodall? Investígaos na rede. Recomendámosche especialmente os vídeos do colectivo que podes atopar en Youtube.*